

Consiste na aplicación dun conxunto de instrumentos seleccionados para detectar posibles cambios na persoa coa síndrome de Down e iniciar unha derivación para o diagnóstico axeitado.

FONTES DE INFORMACIÓN E INSTRUMENTOS UTILIZADOS

- **Persoas coa síndrome de Down:**
 - **CAMCOG-DS** que forma parte do [CAMDEX-DS. Proba de Exploración Cambridge para a Valoración dos Trastornos Mentais en adultos coa Síndrome de Down ou con Discapacidade Intelectual \(teaediciones.com\)](#) Sección 2. Avaliación do/a paciente. **Parte II Exame Cognitivo (CAMCOG-DS)**. Ferramenta estruturada e estandarizada que permite a avaliación das formas máis frecuentes de demencia, así como doutros trastornos mentais e físicos presentes en persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual doutra etioloxía.
 - **MCRT - Modified Cued Recall Test:** O test de recordo verbal selectivo é un procedemento utilizado para a avaliación da memoria episódica e a aprendizaxe verbal. A proba achega datos sobre o recordo libre de imaxes e o recordo facilitado mediante pistas.
- **Familiares ou outro/a referente de convivencia:**
 - **CAMDEX-DS.** Proba de Exploración CAMBRIDGE para a valoración dos trastornos mentais en persoas adultas coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual. **Sección 1. Entrevista á persoa informante.** Consta de Entrevista familiar única (CAMDEX – DS) e repetición da mesma se se detectan cambios.
- **Profesionais de referencia da persoa usuaria coa síndrome de Down:**
 - Rexistro de observación para profesionais (ROP): Ferramenta profesional interna para a avaliación de cambios significativos na persoa a través de procesos observacionais. Unha puntuación de 0 indicaría ausencia de cambios observables. A maior incremento numérico, maior incidencia de cambios observados. Instrumento de elaboración propia.

PERIODICIDADE DA APLICACIÓN DO PROTOCOLO

GRUPO DE IDADE	CAMCOG-DS	MCRT	ROP	CAMDEX_DS
 A partir dos 35 anos	ANUAL ●	ANUAL ●	ANUAL ●	BASAL
 de 30 a 34 anos	2 ANOS ●●	2 ANOS ●●	* ●●	✗
 De 20 a 29 anos	4 ANOS ●●●●	4 ANOS ●●●●	* ●●●●	✗
 Signos de alerta	6 MESES	6 MESES	6 MESES	6 MESES

* Recoméndase o ROP en menores de 35 anos, sobre todo cando non hai posibilidade de aplicar CAMCOG-DS e MCRT. Neste caso a periodicidade é a mesma que nas mencionadas probas: bianual para 30 a 35 anos e cada catro anos nas idades comprendidas entre 20 e 29 anos.

BIBLIOGRAFÍA

- [Guía de Recursos sobre Atención Sanitaria](#) · Down Galicia
- [Recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down](#) · Down Galicia
- [Programa español de Salud para personas con Síndrome de Down](#) · Down España
- Guía [“Aprendendo a envellecer”](#) · Down Galicia

